

Acta Reunión Ordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 19 de abril de 2021

Hora: 11:00 h. (2ª convocatoria)

Lugar: TEAMS

Asistentes

Cabaleiro Dominguez Jose Carlos

Gonzalez Alvarez Julia

Losada Carril David Enrique

Mosquera Corral Anuska

Mucientes Molina Manuel Felipe

Omil Prieto Francisco

Palacios Oubiña M Carmen

Pardo Lopez Xose Manuel

Pichel Campos Juan Carlos

Rios Viqueira Jose Ramon

Rodriguez Figueiras Oscar

Rodriguez Martinez Hector

Xustifican a súa ausencia:

1. Aprobación de actas das reunións anteriores

Estaban pendentes de aprobación as actas das reunións de 13/11/2020 e 11/12/2020. Sen comentarios ás actas presentadas, apróbanse por asentimento.

2. Aprobación das accións de mellora dos títulos e do centro para o curso 2020-21

A Directora pide aos coordinadores de cada título que presente as súas accións de mellora.

Grao en Enxeñaría Informática: O coordinador indica que foron presentadas 5 accións de mellora: as dúas primeiras son herdadas do curso anterior, e as tres seguintes son novas.

AM-GrEI-1 Mellorar a formación dos estudantes en habilidades de comunicación (oral e escrita), mediante accións da Aula Profesional e a mellora na coordinación na avaliación destas competencias entre distintas materias co obxectivo de fortalecer a formación dos estudantes ao longo da Titulación.. Xa se fixeron algúns cursos e hai outros previstos.

AM-GrEI-2 Elaborar unha rúbrica de avaliación de TFG, xa que ao ser moitos tribunais hai unha alta variabilidade nas cualificacións. Realizar proba piloto na convocatoria de TFG de setembro.

AM-GrEI-3 Adiantar o calendario de propostas e asignación de TFG, para favorecer aos alumnos de Dobre Grao. Estudo e análise dentro da comisión de TFG.

AM-GrEI-4 Fomentar a presenza de alumnado do GrEI nos cursos da Aula Profesional, mediante a mellora da oferta de cursos en temas relacionados coa orientación e inserción laboral, e nas temáticas de interese froito do diálogo cos estudantes e delegados de alumnos. Xa hai algún curso implementado neste sentido.

AM-GrEI-5 Uso do documento *Computing Curricula* do IEEE e ACM: Difundir o documento entre o profesorado, que xa está feito, e propor ideas de mellora para o Grao e para as materias do Plan de estudos, que se poidan discutir dentro da comisión de título.

Grao en Enxeñaría Química: Propuxéronse 11 accións de mellora. Cinco delas dirixidas á mellora da calidade da docencia do grao.

AM-GrEQ-1 Elaboración de informes de prácticas de laboratorio: Para avaliar e implementar accións para mellorar a calidade dos informes de prácticas de laboratorio.

AM-GrEQ-4 Avaliar as visitas técnicas nas materias do grao para comprobar que as propostas son suficientes axeitadas.

AM-GrEQ-5 Identificar as boas prácticas para medir a carga de traballo do alumnado co fin de definir aquelas prácticas que poidan mellorar a distribución da carga de traballo e comunicalas aos docentes.

AM-GrEQ-7 Mellora das prácticas de laboratorio do GrEQ coa análise da metodoloxía base da impartición das mesmas.

AM-GrEQ-8 Avaliar as prácticas en Empresa para o alumnado para preparar unha enquisa de satisfacción para o alumnado.

Excepto a AM-GrEQ-8 todas as demais faranse unha vez estea repartido o POD do vindeiro curso académico.

Outras accións están enfocadas a aspectos relacionados co grao pero non directamente con aspectos docentes:

AM-GrEQ-2 Difusión do grao en Enxeñaría Química: Estase a crear a comisión para a elaboración das propostas para a difusión.

AM-GrEQ-3 Aumentar o número de alumnos que cursan materias en inglés: Aínda non se fixo.

AM-GrEQ-6 Mellorar a taxa de resposta ás enquisas: Intentouse incentivar a participación dos alumnos mediante o envío de correos electrónicos.

Outras accións de mellora

AM-GrEQ-9 Informe específico de egresados que depende da ACSUG e da resposta da USC en relación ao procedemento para contactar cos alumnos egresados.

AM-GrEQ-10 Desenvolvemento da nova páxina web da USC e da ETSE: Sistematización e coordinación entre a páxina web da ETSE e a USC que está a piques de realizarse.

AM-GrEQ-11 A última acción realizouse en xaneiro e ten que ver cunha modificación do plan de estudo, é a modificación non substancial do despliegue temporal na materia Matemáticas na memoria do Grao.

Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos: A Comisión Académica do MEQB considerou nove accións de mellora para a axenda 2020-2021. Catro delas son continuidade/renovación de accións de mellora da axenda anterior (2019-2020) que non foron satisfactoriamente acadadas: “Elaboración dun póster de difusión do Máster para a aula de 4º do Grao en Enxeñaría Química” (AM-MEQB-1), “Redeseño da web institucional da ETSE e revisión e actualización dos contidos do Máster” (AM-MEQB-2), “Obter información de seguimento dos egresados por parte da ACSUG” (AM-MEQB-3) e “Mellorar a taxa de resposta nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese” (AM-MEQB-4). A acción AM-MEQB-1 persegue unha maior visibilización do MEQB entre un público que constitúe unha das súas vías clave de captación de alumnado. Neste senso de mellor visibilización, a nivel global, tamén é crítica a acción AM-MEQB-2, que a diferenza de cursos anteriores semella que nestes intres se atopa adecuadamente encarrilada. A acción AM-MEQB-3 depende criticamente da ACSUG. A acción AM-MEQB-4 débese á baixa taxa de resposta tipicamente detectada nas enquisas tanto de tipo interno do MEQB como das xestionadas pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

As cinco accións de mellora restantes para a axenda 2020-2021 correspóndense con novidades. A acción AM-MEQB-5 “Difusión dos Oxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 de Nacións Unidas a través das materias do MEQB” busca, en liña co plan estratéxico da ETSE para os anos vindeiros, unha presenza máis explícita e maior difusión dos ODS de Nacións Unidas para 2030 a través de diferentes materias do plan de estudos do MEQB. A acción AM-MEQB-6 “Afondar na garantía de adecuación das actividades desenvolvidas nas prácticas en empresas ó perfil do estudantado do MEQB” tratará de mellorar os procedementos de avaliación das prácticas en empresa por parte do alumnado no contexto dun proceso de mellora continua para garantir a axeitada conexión entre o que deberían ser os contidos das prácticas curriculares desenvolvidas nas diferentes empresas colaboradoras e os contidos realmente desenvolvidos. As accións AM-MEQB-7 “Elaboración de vídeos sobre prácticas de docencia no laboratorio” e AM-MEQB-8 “Potenciar o

número de conferenciantes externos nas diferentes materias aproveitando as ferramentas de videoconferencia” querén capitalizar as novas habilidades e metodoloxías docentes que forzosamente tiveron que desenvolver os docentes por causa da pandemia da COVID-19 para reforzar, respectivamente, as canles metodolóxicas docentes para a ensinanza das prácticas de laboratorio e a conexión dos contidos das materias do MEQB co tecido industrial e mesmo académico do sector que lle é propio. Por último, a acción AM-MEQB-9 “Identificación dun posible modelo de docencia mellorado a nivel xeral para o conxunto das materias do máster” intentará que, a partir dunha reflexión conxunta do elenco docente do MEQB sobre o modelo de docencia que se veu empregando nas diferentes materias ó longo deste anos, se identifiquen posibles melloras a introducir no futuro próximo para lograr unha mellor e facilitada adquisición de competencias por parte do alumnado que se embarque neste título.

Máster en Enxeñaría Ambiental: As accións de mellora do máster para o curso 2020 2021 son 5:

- A primeira ven de anos anteriores e consiste na actualización da memoria do título. De feito é unha acción interanual, que xa por fin este ano se completará.
- A segunda acción se enmarca dentro das accións derivadas da actualización da memoria do título como é a valoración do máster actual por parte dos egresados dos últimos 10 anos. Esta acción xa se realizou, téndose publicado xa os informes derivados desta consulta.
- A terceira acción foi a definición dun comité externo de empresas, de novo dentro das accións contempladas na actualización da memoria do título. O comité externo de empresas definiuse no mes de febreiro.
- A cuarta acción consiste na mellora dos equipamentos docentes, máis concretamente material de laboratorio e software de simulación. Esta acción puido acometerse grazas á financiación conseguida dende a mención de excelencia. Xa se está en contactos para comprar o software comercial Biowin.
- A quinta e última acción de mellora contemplada para este curso 2020-21 ven derivada daquelas definidas na solicitude da mención de excelencia, e é a posta en marcha de contactos con universidades significativas de Latinoamérica. Estamos comezando os primeiros contactos neste sentido.

Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Mássivos - Big Data: No curso 2020-2021 puxéronse en marcha 5 accións de mellora no máster. Das 5 accións de mellora, 3 delas están xa finalizadas e foron eficaces, e dúas están pendentes de finalización. A continuación se resumen as accións de mellora desenvolvidas:

- AM-MTAD-1
 - o Análise. A información que se pode extraer das enquisas de satisfacción coa docencia recibida é de grande importancia para a mellora do Máster. A participación do alumnado nestas enquisas ven sendo moi baixa nos últimos cursos académicos, polo que non se poden extraer conclusións que leven a accións de mellora.
 - o Descrición. Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.
 - o Tarefa. O coordinador do Máster pedirá aos profesores que nunha das últimas clases de cada materia se lle lembre ao alumnado a importancia de cubrir as enquisas, e se lle deixe 5 minutos para contestar a enquisa da materia correspondente.
 - o O responsable da acción é o coordinador do Máster. A acción levarase a cabo ao final de cada un dos cuadrimestres, durante o período de realización das enquisas de satisfacción coa docencia recibida.
- AM-MTAD-2
 - o Análise. Nos últimos anos, aínda que o número de solicitudes de matrícula no máster é elevado, a porcentaxe destas solicitudes que se corresponden con alumnos da Universidade de Santiago de Compostela en xeral, e do Grao en Enxeñaría Informática da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) en particular, é baixo en relación ao esperable para unha titulación do mesmo centro/universidade. Semella que o Máster non é suficientemente coñecido entre os alumnos da Universidade de Santiago de Compostela.

- o Descrición. Aumentar a difusión do acto de presentación do Máster ao alumnado da USC, prestando especial atención a aqueles que cursan o Grao en Enxeñaría Informática.
- o Tarefa. Enviar un correo-e ao alumnado de cuarto curso do Grao en Enxeñaría Informática informando sobre a charla informativa sobre o Máster
- o O responsable da acción é o coordinador do Máster.
 - AM-MTAD-3
- o Análise. Na reunión de coordinación levada a cabo cos alumnos do Máster no último curso académico detectouse o interese do alumnado pola realización dun seminario de tecnoloxías cloud que complementa os contidos da materia Tecnoloxías de computación para datos masivos.
- o Descrición. Impartir un seminario de tecnoloxías cloud no marco da materia de Tecnoloxías de computación para datos masivos.
- o Tarefa. Seminario de tecnoloxías cloud
- o O Profesor Tomás Fernández Pena levou a cabo a acción no mes de decembro de 2020.
 - AM-MTAD-4
- o Análise. Na reunión de coordinación levada a cabo cos alumnos do Máster no último curso académico expresouse de novo a interese por parte dos alumnos en ter un seminario sobre aprendizaxe profunda (Deep Learning). Xa no curso 2019-2020 se impartiu un seminario de aprendizaxe profunda aplicado a visión por computador, e os alumnos consideran que tamén sería interesante un seminario de aprendizaxe profunda aplicada ao procesamento de linguaxe natural.
- o Descrición. Impartir un seminario de aprendizaxe profunda aplicada ao procesado da linguaxe natural no marco da materia de Tecnoloxías de xestión de información non estruturada.
- o Tarefa. Seminario de aprendizaxe profunda aplicada ao procesado da linguaxe natural.
- o O Profesor David Losada Carril levou a cabo a acción no mes de decembro de 2020.
 - AM-MTAD-5
- o Análise. Modificación da memoria do título.

Aumento da oferta de prazas. Actualmente o Máster oferta 13 prazas na USC e 12 na UM. Ao longo dos últimos cursos académicos, as solicitudes de matrícula recibidas en ambas universidades superaron amplamente a oferta. Na USC as solicitudes foron de 36 no curso 2018-2019, 46 no curso 2019-2020, e 34 no curso 2020-2021. Por outra banda, na UM as solicitudes foron de 41 no curso 2018-2019, 39 no curso 2019-2020, e 49 no curso 2020-2021. Ademais, é previsible que este número de solicitudes se manteña no medio e longo prazo, posto que a tecnoloxía de análise de datos masivos é moi demandada no ámbito empresarial —como mostra, a páxina web do Máster na USC conta con 37 ofertas de emprego nos dous últimos anos. Por todo iso, propónse aumentar a oferta de prazas na USC ata 20 alumnos, e na UM tamén ata 20 alumnos. Dado que o número de alumnos proposto implicaría crear dous grupos de docencia interactiva, levarase a cabo un desdoblamento na docencia da seguinte forma: crearase un grupo formado exclusivamente por alumnos da USC, cuxa docencia (tanto expositiva como interactiva) será impartida por profesores da USC, e outro grupo estará formado por alumnos da UM, cuxa docencia (tanto expositiva como interactiva) será impartida por profesorado da UM. O motivo de desdobrar os grupos, tanto na docencia interactiva como na expositiva, obedece ás características da docencia (non procedería configurar docencia telemática con 40 alumnos pois é un número demasiado alto para atender a docencia apropiadamente). Para reforzar a coordinación da docencia entre o profesorado de ambas as universidades realizarase unha reunión anual de coordinación do profesorado do Máster.

Intercambio de cuadrimestre de dúas materias Aínda cando a carga de traballo de ambos cuadrimestres é de 30 ECTS, nas reunións realizadas polos coordinadores da USC e a UM co alumnado constatouse unha maior carga de traballo real no primeiro cuadrimestre. O motivo principal é que no segundo cuadrimestre 18 dos ECTS son do Traballo de Fin de Máster (TFM) e, para aqueles alumnos que traballan, esa carga docente é máis fácil de compaxinar coas súas actividades profesionais. A modificación consiste en intercambiar de cuadrimestre dúas materias: P4181109 - Aplicacións e casos de uso empresarial (4,5 ECTS), trasládase a súa docencia ao segundo cuadrimestre; P4181107 - Visualización de datos (3,0 ECTS), trasládase a súa docencia ao primeiro cuadrimestre. Desta forma redúcese a carga do primeiro cuadrimestre en 1,5 ECTS. O cambio de cuadrimestre destas dúas materias non afecta á docencia do resto de materias.

- o Descrición. Modificación da memoria do título. A primeira modificación consistirá no aumento da oferta de prazas, pasando das 13 prazas da USC e 12 da UM a 20 prazas na USC e 20 na UM. Ademais, solicítase crear dous grupos de docencia (tanto expositiva como interactiva). A

segunda modificación é o intercambio de cuadrimestre entre dúas materias para balancear a carga de traballo de Máster.

- o Tarefa. Modificación da memoria do título
- o O responsable da acción é o coordinador do Máster.

Máster en Computación de Altas Prestacións: É un máster interuniversitario, coa Universidade da Coruña. As accións de mellora son coordinadas pola UdC, e alí se coordinan dende o Centro. Dúas accións:

AM-MHPC-1: Modificación da memoria do título para modificar as titulacións de acceso e a acreditación do nivel de inglés

AM-MHPC-2: Mellorar a publicación dos criterios de acceso ao máster para que sexa accesible directamente desde a web da USC

Máster en Visión por Computador: as accións do máster, titulación interuniversitaria e no seu primeiro curso de impartición, están orientadas a facer un seguimento cercano do desenvolvemento neste curso, co obxectivo de facer propostas máis informadas e priorizadas para o próximo ano. Por iso se restrinxen a estas tres:

1.-Elaboración e envío dunha enquisa ao alumnado ao final de cada cuadrimestre: Crear e enviar ao alumnado unha enquisa sobre a estimación da carga de traballo media semanal fóra das aulas por cada mes do cuadrimestre, e resposta libre a preguntas sobre as boas prácticas percibidas no desenvolvemento, os aspectos que lle xeraron maiores dificultades, e as súas suxestións sobre medidas de mellora.

2.-Creación e mantemento actualizado dun calendario común que recolla as datas de entregas de exercicios de prácticas e proxectos de todas as materias en cada cuadrimestre: Debido a dificultades técnicas, optouse finalmente por crear un calendario compartido empregando ferramentas non institucionais. O Calendario de entrega de exercicios prácticos e proxectos, pretende detectar a concentración de picos de traballos e promover unha mellor redistribución da carga de traballo do alumando fóra da aula.

Como efecto máis a longo prazo, o mantemento deste calendario pode aconsellar a redefinición de actividades para obter cargas de traballo o máis uniformes posibles.

3.-Elaboración dunha enquisa para alumnado de nova incorporación, que será enviada ao alumnado ao comezo de cada curso: A enquisa tratará de recoller información sobre a formación de base do alumnado de nova incorporación, as expectativas de formación que o levaron a matricularse nun mestrado deste tipo, as razóns para matricularse neste mestrado en particular, e o coñecemento previo sobre o mesmo.

Respecto ao centro, a Directora expón que a ETSE como centro propuxo 8 accións de mellora das que algunhas son continuación doutras xa desenvolvidas en curso/s pasado/s pero non executadas, ou só parcialmente.

AM-ETSE-1 Renovación da web da ETSE (continuación da AM-ETSE-1 de 2019-20): Segue activa pero rematarase antes de finalizar o curso, posto que neste momento xa está en período de proba.

AM-ETSE-2 Seguimento dos procesos do novo Manual de procesos da ETSE (continuación da AM-ETSE-2 de 2019-20): O Manual de procesos da Escola Técnica Superior de Enxeñaría foi aprobado en Xunta de Escola en decembro de 2019. O 30/09/2020 foi aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno. Este curso realizarase o seguimento dos procesos para comprobar o seu cumprimento.

AM-ETSE-3 Programa de mellora do equipamento docente: O mantemento e mellora do equipamento docente dos diferentes espazos de docencia é unha tarefa permanente. Este curso engloba 6 tarefas:

- Dotación de equipamento multimedia nos espazos docentes
- Electrificación da Aula de proxectos e do Salón de Actos (finalizada)
- Renovación equipamento aulas informática
- Preparación de vídeos de apoio á docencia práctica de laboratorio para o Grao en Enxeñaría Química

- Adaptación dun almacén para o almacenamento de produtos inflamables
- Dotación de despachos para o profesorado

AM-ETSE-4 Proposta de actividades de formación do profesorado para a mellora da calidade docente: O obxectivo é a proposta de cursos de formación que respondan ás necesidades do profesorado particularmente para os escenarios creados pola COVID-19. A ETSE participou na I Convocatoria de Proxectos de Formación en Centros para a mellora da docencia universitaria na que se propuxeron tres cursos que xa foron desenvolvidos e que se incorporaron no PFID. Ademais propúxose un curso do PFID para o PDI do centro: (PFID.20tic-44) Xestión e uso didáctico das cámaras, altosfalantes e tabletas dixitalizadoras nas aulas da USC

AM-ETSE-5 Creación da Comisión de Igualdade na ETSE: O primeiro paso foi a modificación do Regulamento de réxime interno da ETSE para incluír esta comisión, que foi aprobada polo Consello de Goberno de 25 de febreiro de 2021. A elección dos membros da comisión realizarase en sesión da Xunta de Escola tras as eleccións para representantes de Xunta de Escola da USC que se celebrarán o 29 de abril.

AM-ETSE-6 Estender o uso da administración electrónica na secretaría administrativa da ETSE: Considérase que é importante centralizar toda a documentación publicada pola ETSE para garantir a seguridade da mesma e para que sexa de máis fácil acceso por parte dos usuarios, así como promover a sinatura electrónica evitando o uso do papel. Desenvolveranse dúas tarefas:

- Uso xeral do portasinaturas electrónico
- Publicación da documentación no taboleiro electrónico dea USC.

AM-ETSE-7 Mellorar a protección de datos nas diversas actividades desenvolvidas no centro: Detectouse que en certas actividades pode non cumprirse a lei de protección de datos persoais. Desenvolveranse dúas tarefas:

- Solicitar ao alumnado de nova incorporación a autorización para o uso da propia imaxe
- Conseguir a autorización para o uso dos correos electrónicos dos/as egresados/as para a realización de enquisas.

AM-ETSE-8 Mellorar o apoio e flexibilizar a xestión por parte de persoal TIC de aulas de informática (continuación da AM-ETSE-5 do curso 2019-20): O obxectivo é conseguir un novo modelo de xestión das aulas TIC e un maior apoio de persoal técnico no centro.

Se aproban as accións de mellora propostas por asentimento.

3. Aprobación dos obxectivos de calidade do centro para o curso 2020-21

A Directora informa das Accións de mellora: 48 (ETSE: 8;GrEQ: 11; GrEI: 5; MEQB: 9; MENA: 5; MTAD: 5; MHPC: 2; MCV: 3). As 48 accións de mellora agrupáronse en 17 obxectivos de calidade tendo en conta os Obxectivos estratéxicos definidos na Prórroga do Plan Estratéxico da ETSE para o bienio 2020-2022. Non é fácil o agrupamento, e algunhas accións aparecen soas.

Falta agora desenvolver as directrices (son seis). Os coordinadores de títulos deben desenvolver as directrices 2 a 6, e enviar comentarios de cada título ata 03/05/2021.

A aprobación da memoria de calidade pola Comisión de Calidade sería para 12/05/2021, e enviarase á ACMP como límite o 14/05/2021.

Se aproban os obxectivos de calidade propostos por asentimento.

4. Quenda aberta

A Directora informa que a vicerreitora de titulacións comunicou que tras a súa reunión con coordinadores/as de másters e responsables de centros na que se acordou que a USC non debería concorrer á convocatoria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a concesión de mención de excelencia de titulacións de mestrado do curso 2020-2021, finalmente o equipo reitoral trasladou a decisión ao Consello de Goberno que se reunirá o vindeiro 30 de abril.

Polo tanto a participación do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos na convocatoria queda pendente da decisión.

Mensaxe da Vicerreitora: Na xuntanza celebrada o pasado día 9 de abril, transmitiuse ao reitor e aos demais membros do equipo de goberno a opinión xeneralizada manifestada polas aproximadamente 50 persoas que asistiron á devandita reunión (entre coordinacións de máster e responsables de Centros) de que a USC non debería concorrer á convocatoria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a concesión de mención de excelencia de titulacións de mestrado, curso 2020-2021.

Dada a transcendencia da posible adopción dunha medida desta natureza, o equipo reitoral acordou trasladar a decisión ao Consello de Goberno, como órgano ordinario de goberno da Universidade, que debaterá o asunto na sesión que está previsto celebrar o vindeiro 30 de abril. Queda, por tanto, en suspenso a convocatoria publicada por Resolución Reitoral do 31/03/2021 pola que se establecía o proceso de selección interno. Tan pronto como o Consello de Goberno tome unha decisión ao respecto, trasladarase o acordo ás coordinacións das titulacións de máster e ás direccións de centro.

Pero o Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos ten mandato da comisión de título de presentarse á convocatoria. Unha das grandes queixas é a opacidade do proceso. Non se coñecen os criterios, o ano pasado ían ser 6 e finalmente foran 3, e non se explicou o cambio. Para a nova convocatoria vaise pedir a consulta das avaliacións anteriores, pero é presencial e coa vicerreitora. O coordinador do MEQB xa informou do interese en asistir á consulta, pero isto será no futuro próximo, coa convocatoria xa en marcha.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 12:15 h.